

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

**C E R T I F I C A:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día tres de decembro de dous mil oito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**URXENCIAS:**

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro) adoptáronse os seguintes acordos:

**A) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA "PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA".**

Examinada a proposta de data do 3 de decembro de 2008, da Alcaldía, referente á adxudicación definitiva da obra PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA, que di:

**"PROPOSTA**

**ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA "PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA.**

*Visto o expediente tratamento para a contratación das obras consistentes na PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA, financiado pola Consellería de Cultura e Deporte.*

*Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data do 19 de novembro de 2008 acordou adxudicar provisionalmente á empresa HPC Ibérica S.A. co CIF A58620808 o contrato de PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA, por un prezo de 102.620,17 euros e cun prazo de execución de 2 meses. Todo iso dacordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno en sesión de data do 07.11.08 e a oferta presentada.*

*Habida conta de que o adxudicatario achegou a documentación xustificativa do cumprimento das súas obrigas tributarias e aquelas outras esixidas no proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados por Resolución de Alcaldía de data do 07.11.2008.*

*Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:*

**Primeiro.-** *Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obra PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA á empresa HPC Ibérica S.A. co CIF A58620808 polo prezo de 102.620,17 euros e cun prazo de execución de 2 meses, por ser a única oferta presentada, -dado que as outras dous empresas invitadas por motivos de traballo declinaron a invitación para outra ocasión-.*

**Segundo.-** *Outorgar un prazo de 10 días hábiles para a sinatura do contrato.*

**Terceiro.-** *Notificar este acordo ó adxudicatario, e demais licitadores, así como á Intervención Municipal e á directora de obra.*

**Cuarto.-** *Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público, os datos básicos do contrato adjudicado para a súa inscrición.*

*Cangas, 3 de decembro de 2008.*

*A ALCALDESA-PRESIDENTA*

*Asdo.: Clara Millán González"*

*E para que así conste e coa salvidade do disposto no artigo 206 do REgulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, expido a presente de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa-presidenta, en Cangas, a catro de decembro de dous mil oito.*

*V. e pr.  
A ALCALDESA*

*A SECRETARIA*

*Asdo.: Clara Millán González.*

A Xunta de Goberno Local de data do tres de decembro de 2008, adoptou o seguinte acordo:

**ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA "PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA.**

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obra PISTA DE SKATE NO ENTORNO DE RODEIRA á empresa HPC Ibérica S.A. co CIF A58620808 polo prezo de 102.620,17 euros e cun prazo de execución de 2 meses, por ser a única oferta presentada, -dado que as outras dous empresas invitadas por motivos de traballo declinaron a invitación para outra ocasión-.

**Segundo.-** Outorgar un prazo de 10 días hábiles para a sinatura do contrato.

**Terceiro.-** Notificar este acordo ó adxudicatario, e demais licitadores, así como á Intervención Municipal e á directora de obra.

**Cuarto.-** Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público, os datos básicos do contrato adjudicado para a súa inscrición.

Cangas, 5 de decembro de 2008.